

CURSO DE MEDIACIÓN (20 HORAS)

GUÍA DO CURSO

O artigo 6 do **Real Decreto 980/2013** esixe aos mediadores a realización de actividades de formación continua, de carácter eminentemente práctico, cunha duración mínima de 20 horas cada cinco anos.

A entrada en vigor da **Lei Orgánica 1/2025** en abril de 2025 impulsa a mediación como mecanismo alternativo de resolución de conflitos no ámbito procesual español. Este curso pretende actualizar e especializar aos mediadores titulados para afrontar a situación derivada desta reforma e ofrecer un servizo de calidade e acorde coas novas esixencias legais.

O **Consello da Avogacía Galega** é unha corporación de dereito público que, segundo os seus estatutos, ten entre as súas competencias a formación continuada dos profesionais da avogacía, en coordinación cos colexios da avogacía de Galicia.

Con esta iniciativa, o Consello dá resposta á demanda formativa que a entrada en vigor da L.O. 1/2025 require e reafirma o seu compromiso de garantir a preparación dos avogados e avogadas para un entorno normativo en constante evolución e cunha crecente demanda de solucións alternativas de resolución de conflitos.

Os obradoiros foron programados polo **Ilustre Colexio Provincial de Abogados da Coruña**.

O presente curso non só cumpre a función de reciclaxe dos mediadores, senón que tamén serve para que aqueles profesionais que non desexen exercer a mediación comprendan os mecanismos legais e procedimentais desta actividade.

DESCRIPCIÓN DO CURSO

Organización

- Entidade organizadora: Consello da Avogacía Galega.
- Colaboración: colexios da avogacía de Galicia.
- Programación e xestión dos obradoiros: Ilustre Colexio Provincial de Abogados da Coruña.

Equipo de traballo

- Directora do curso: Adela Fernández Luaces.
- Responsables dos obradoiros: Pilar Cortizo Mella, Asunción Jiménez de Llano Zato e Belén Baamonde Leis.
- Coordinación do curso: Sergio Aramburu Guillán.
- Asistencia técnica: Iria Rodríguez Fidalgo.
- Xestión de formación: Verónica Pajón Jacobe.

Destinatarios

- Avogados/as colexiados/as en Galicia.

Horas lectivas

- 20 horas en total (4 obradoiros de 4 horas cada un e 4 horas lectivas en Moodle, 2 conferencias de 2 horas cada unha e test).

Modalidade de impartición

- Curso híbrido (Blended Learning).
- Obradoiros presenciais: retransmitidos por streaming e gravados.
- Material teórico: dispoñible na aula virtual do Consello (Moodle).
- Foro de consultas: moderado por mediadoras especialistas.

Custe e inscrición



- Asistencia en liña: 100 € a pagar mediante Paypal ou tarxeta bancaria no momento da inscrición en liña, que se realizará desde <https://formacion.avogacia.gal>.
- Asistencia presencial: a inscrición realizarase directamente co Colexio de Avogados da Coruña, en <https://www.icacor.es/>.

PROGRAMA

Talleres Presenciais

	<p>1. Día 6 de febreiro (16:30 - 20:30) Título: ¿Te sientes preparad@ para abordar el conflicto de manera integral? Relatora: Nahara Cardona Martínez.</p> <p>Descrición: obradoiro práctico baseado no dereito sistémico para abordar os conflitos desde unha perspectiva integral e efectiva. Exporanse técnicas que permiten ampliar a visión do conflito e impulsar solucións aliñadas cos intereses de todas as partes.</p>
	<p>2. Día 13 de febreiro (16:30 - 20:30) Título: Habilidades a través del coaching jurídico. Relatora: Rossana Brill.</p> <p>Descrición: neste obradoiro, os asistentes adquirirán ferramentas de coaching xurídico, desenvolvendo habilidades clave como creatividade, proactividade, empatía, resiliencia, intelixencia emocional e autoliderado, indispensables para a práctica mediadora.</p>
	<p>3. Día 20 de febreiro (16:30 - 20:30) Título: Modelo Bridge: fortalecimiento de equipos. Relatora: Indrani Thais Palla Maceiras.</p> <p>Descrición: este obradoiro ofrecerá ferramentas prácticas para mellorar a comunicación a través do modelo Bridge, que facilita a empatía e a creación dun linguaxe común cos interlocutores, fortalecendo as relacións e os equipos de traballo.</p>
	<p>4. Día 21 de febreiro (16:30 - 20:30) Título: La gestión de los métodos alternativos por la abogacía: el papel de la mediación. Relator: Magistrado Pascual Ortuño Muñoz.</p> <p>Descrición: conferencia de clausura onde se analizará o papel da mediación no marco dos métodos alternativos de resolución de conflitos, desde unha perspectiva práctica e a experiencia do maxistrado.</p>

Conferencias en liña

	<p>5. Día 14 de febreiro (16:30 - 18:30) Título: A xustiza restaurativa na Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, para axilizar a xustiza penal e atender mellor á vítima? Relator: Vicente Magro Servet.</p> <p>Descrición: o relator analiza a xustiza restaurativa na Lei Orgánica 1/2025, explicando a mediación penal, os seus efectos e requisitos. Tamén trata os límites da mediación e describe o papel do xuíz e do fiscal na validación dos acordos alcanzados.</p>
	<p>6. Día 13 de marzo (16:30 - 18:30) Título: Oferta vinculante confidencial e a súa relación cos MASC. Relator: Álvaro Perea González.</p> <p>Descrición: conferencia na que se trata a Oferta Vinculante Confidencial como método alternativo de solución de conflitos (MASC), explicando o seu funcionamento, requisitos, efectos xurídicos e implicacións procesuais.</p>

REQUISITOS TÉCNICOS E ACCESO

Requisitos Técnicos e Acceso

- Streaming: os obradoiros retransmitiranse en directo e poderán ser visualizados en diferido desde a aula virtual.
- Acceso ao material: os inscritos terán acceso ao contido teórico e ao foro de consultas a través da plataforma Moodle.

INSCRICIÓN:

<https://FORMACION.AVOGACIA.GAL>